



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE VILASANTAR

“ENTROIDO 2019”

O concurso de disfraces do “Entroido 2019” do Concello de Vilasantar terá lugar o día **2 de marzo de 2019**, a partir das **17.00 h** no local social de Vilasantar.

Establécense dúas categorías do concurso: a) disfrace colectivo e b) disfrace individual.

Para participar no concurso será requisito indispensable anotarse antes, ben chamando con anterioridade ao Concello ou ese mesmo día antes de comezar o concurso e desfile. Especificarase a quen se representa, así como o nome, apelidos, teléfono, e idade dos participantes.

Os premios son os seguintes:

A) **Categoría de disfrace colectivo:**

- a. 1º premio: **200 euros**
- b. 2º premio: **100 euros**

B) **Categoría de disfrace individual:**

- a. 1º premio: **70 euros**
- b. 2º premio: **50 euros**

O xurado terá en conta a o vestuario, a maquillaxe, a estética, a orixinalidade, a creatividade, o traballo na elaboración dos disfraces, a organización e a posta en escena, participación co público, a simpatía e a animación.

Terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso.

A decisión do xurado será inapelable.

A inscrición implica o total coñecemento e aceptación das bases do concurso. O incumprimento dalgunha destas bases supón a descalificación e baixa do concurso.

O Concello de Vilasantar resérvase o dereito de darlle publicidade a estas bases e o concurso a través dos medios que considere oportunos.

Vilasantar, 18 de febreiro de 2019

O alcalde

Fernando Pérez Hernández

